



PROTOCOLO DE BIBLIOTECA DE TARDE

1. Ofértase o servizo de Biblioteca de Tarde como espazo para a **lectura, consulta, traballo individual**...onde o profesorado de garda **velará polo cumprimento das normas e benestar dos usuarios**.
2. O servizo da biblioteca é para o alumnado de 1º a 6º primaria, entre os meses de outubro e maio, cun número máximo de 15 alumnos/as por día.
3. O horario do servizo será de **15.30 ás 17:00 horas**, con horario de saída tamén as 16:30 horas. Sairán sos soamente aqueles alumnos/as de 5º e 6º curso que teñen autorización para saír, os demais deben ser recollidos no portal polas familias.
4. Como persoal de garda haberá 2 mestres cada tarde sempre que a organización do centro o permita. Establecerase un calendario mensual de gardas para que todo o profesorado realice as gardas o día correspondente.
5. As **solicitudes** para facer uso deste servizo ofertaranse ao **inicio de curso, nos prazos establecidos polo centro**. Ao longo do curso admitiranse solicitudes con xustificación por cambio de circunstancias (laborais, persoais...) e sempre que queden prazas vacantes nos días solicitados.
6. No caso de que o número de solicitudes supere o número de vacantes ofertadas (máximo 15 por día) a selección do alumnado farase mediante **sorteo no Consello Escolar do Centro**.
7. No caso de que un alumno/a teña máis de **4 faltas sen xustificar**, contemplarase a posibilidade de dalo de baixa no servizo. O profesorado de garda encargarse de pasar lista e marcar as faltas no listado que estará na mesa da biblioteca.
8. Esixirase o cumprimento das normas básicas establecidas nas NOFC do centro para o curso.
9. É **obrigatorio avisar se un neno/a vai faltar** puntualmente ao servizo de biblioteca do mesmo xeito que se avisa do comedor (entre 9:00-9:30 h á conserxería), no caso contrario o alumno/a permanecerá no centro ata a hora solicitada pola familia. De non facer uso do servizo un día puntual os nenos/as que non van en transporte deben ser recollidos ás 15.30 no portal correspondente ao seu curso, agás o alumnado con autorización (5º ou 6º), que poderá saír só **sempre que se dera aviso previo ao colexio por parte da familia**.